



**PROGRAMA DE TRANSICIÓN  
DE 6º PRIMARIA Á ESO**

**ACHÉGATE AO FUTURO ... ¡SEN MEDO!**

**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**

**Departamento de Orientación**

# ESTRUTURA DO SISTEMA EDUCATIVO LOMCE




## RÉXIME XERAL

INFANTIL 3-6 ANOS	1º
	2º
	3º
PRIMARIA 6-12 ANOS	1º
	2º
	3º
	Avaliación
	1º
	2º
	3º

**TITULACIÓNS**

- T1 – Título profesional básico
- T2 – Título de Graduado en ESO
- T3 – Título de Técnico
- T4 – Título de Bacharelato
- T5 – Título de Técnico Superior
- T6 – Título Universitario

**PROBA DE ACCESO**



\* Poderán presentarse a esta avaliación o alumnado en posesión dun título de Técnico ou de Técnico Superior.  
 \*\* Cada universidade poderá establecer as probas de admisión que considere oportunas.

## RÉXIME ESPECIAL

### ENSINANZAS ARTÍSTICAS

- Música
- Danza
- Artes Plásticas E Deseño
- Conservación E Restauración De Bens Culturais
- Deseño
- Arte Dramática

### ENSINANZAS DE IDIOMAS

### ENSINANZAS TÉCNICO- DEPORTIVAS

## A ETAPA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

Xa estás a piques de rematar a Primaria e o próximo curso empezará a Educación Secundaria Obligatoria no IES Plurilingüe Fontexería.

Son **moitos os cambios**: a organización dos estudos, máis profesorado, a convivencia co alumnado maior ... Deixas atrás unha etapa na que eras dos maiores e pasas, no Instituto, a ser dos máis novos/as. Mais iso non deberá preocuparche porque, en pouco tempo, serás "veterano/a".

Vas ter profesores/as e compañeiros/as maiores dispostos a axudarche para que te acostumes rapidamente.

Se o miras de xeito positivo, este cambio significa que te estás facendo maior. Iso tamén quere dicir que terás que ser cada día máis responsable de ti mesmo/a.



No IES Fontexería poderás estudar **Educación Secundaria Obligatoria**.

Esta nova etapa educativa comprenderá dous ciclos: O 1º ciclo abrangue os cursos de 1º, 2º e 3º ESO e o 2º ciclo, comprende 4º curso.

Estes catro cursos seguiranse ordinariamente entre os 12 e os 16 anos, aínda que se pode permanecer nela, excepcionalmente ata os 19 anos.

A **xornada escolar semanal** do alumnado que cursa a ESO, é de **32 horas** (en Primaria ten unha duración de 25 horas semanais) e distribúese cada día en seis clases de 50 minutos de duración e dous recreos de 20 minutos. Os luns, ademais, hai clase pola tarde (dúas clases de 50 minutos).

O **horario de clase de mañá** é de **8:30 a 14:10**, e o luns pola tarde de **16:15 a 17:55**.

Dado que estamos a vivir unha situación de excepcionalidade, a **organización académica no curso 2020-21** estará suxeita ás instrucións dadas ao comenzo do novo curso escolar.



Entre os espazos dos que fai uso o alumnado do noso Instituto, atópanse as aulas destinadas ao alumnado das distintas ensinanzas que se imparten no centro en horario de mañá, na ESO, Bacharelato e Formación Profesional. Algunhas aulas son utilizadas tamén, no horario de tarde, polo alumnado das Ensinanzas de Adultos para a obtención do título de Graduado en Secundaria ou do programa CUALE na lingua inglesa.



O centro dispón, ademais, de aulas- materia específicas, nas que se imparten clases de música, tecnoloxía, educación plástica e visual, informática e idiomas, así como laboratorios de ciencias e un pavillón deportivo.

Outros espazos ao servizo do centro son a Biblioteca, as aulas de Audiovisuais e o Salón de Actos



O alumnado conta no tempo de recreo, ademais do xardín e as pistas deportivas, cun amplo vestíbulo onde poden xogar ao tenis de mesa, así como unha cafetería.



No curso 2019-20, o centro contou con **42 profesores/as**.

Entre o profesorado do teu curso que imparte cada materia (con carácter xeral, **11 profesores/as en 1ºESO**) haberá un /unha que será o teu titor/a: preocuparase polos teus problemas e manterá comunicación coa túa familia. Debes acudir a el/ela sempre que o precises. Cada semana, o titor/a terá unha hora de reunión co seu grupo de alumnos/as, chamada **titoría**, para informalos, escoitalos e levar a cabo actividades e programas específicos (habilidades sociais, técnicas de estudo, ...).

Existe, ademais, un **departamento de orientación**, para axudar ao alumnado que o precise en colaboración co profesorado e coas familias. Entre as súas tarefas está a organización de medidas de apoio para o alumnado que o precisa, informar sobre posibles itinerarios educativos e profesionais, así como sobre aspectos do desenvolvemento persoal e a mellora dos hábitos e técnicas de estudo.

O **equipo directivo** do instituto estará composto, no vindeiro curso, pola Directora, a Xefa de Estudos, a Secretaria, a Vicedirectora e o Xefe de estudos de Adultos.

En relación ao **persoal non docente**, o centro conta con conserxes, persoal de administración e de limpeza.

No IES Plurilingüe Fontexería, establécense **normas de funcionamento do centro e dos distintos espazos de uso común**, así como unhas **normas específicas para a aula**.

## **NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS ESPAZOS DE USO COMÚN**

O IES Plurilingüe Fontexería **ten elaboradas normas de funcionamento do centro e dos distintos espazos de uso común**, que se dan a coñecer ao alumnado ao principio do curso polo profesorado titor.

- Entre algunhas das normas máis destacadas están:
  - **Antes de que toque o timbre de entrada** da primeira hora da mañá ou da tarde, ou durante os tempos de recreo, **non se poderá permanecer nos corredores nin nas aulas**.
  - **Hai espazos destinados ao tempo de recreo** (patio, vestíbulo, ximnasio, biblioteca), non podendo estar nos corredores e nas aulas. **O alumnado escolarizado na ESO non poderá saír do recinto escolar**.
  - **O alumnado de 1ºESO non poderá traer móbil ao centro**.
  - **Débese coidar o material e das instalacións dos distintos espazos de uso común** (talleres, ximnasio, biblioteca, aulas de informática ...)



## **NORMAS DE AULA**

As normas específicas da aula serán traballadas polo profesorado titor ao inicio do curso, a fin de facilitar o aproveitamento da aprendizaxe do grupo e a súa convivencia nela.

1. O alumnado non debe estar nos corredores.
2. Ao chegar e antes de saír aos recreos, o alumnado preparará o material para as dúas clases seguintes.
3. Cando chegue o profesor/a o alumnado terá preparado o material, sentarase no seu sitio coa debida compostura e en silencio.
4. Colaborarase en todo momento co normal desenvolvemento da clase, levantando a man para intervir, pedir material se o precisa, respondendo ao ser preguntados e respectando a quenda de palabra.
5. O alumnado permanecerá sentado ata que o profesorado dea por rematada a clase e mostre o seu consentimento para levantarse.
6. Respectarase ás persoas e coidarase o material.
7. Non se poderá saír ao baño durante a clase a non ser por causa moi xustificada.



## OFERTA EDUCATIVA - 1ºESO na LOMCE

(Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na nosa Comunidade Autónoma de Galicia)

Na ESO hai materias troncais que o alumnado debe cursar obrigatoriamente, e outras, chamadas de opción, que permiten escoller entre diversas alternativas, a fin de que o alumnado poida ter un itinerario educativo máis personalizado, en función dos seus intereses, capacidades, expectativas... Estas materias ofértanse a partir de 3º e 4º ESO.

No gráfico seguinte recóllese a organización do total de materias para o 1º curso de ESO.

MATERIAS	HORAS
Lingua Castelá e Literatura	4
Lingua Galega e Literatura	4
Primeira Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés)	3
Matemáticas	5
Xeografía e Historia	3
Bioloxía e Xeoloxía	4
Educación Física	2
Educación Plástica , Visual e Audiovisual	2
Segunda Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés)	2
Elixir unha: Relixión/ Valores sociais e cívicos	2
Titoría	1
Libre configuración do centro (Promoción de Estilos de Vida Saudables/ Obradoiro de Comunicación Oral e Escrita/ Obradoiro de Música/ Programación/ Francofonía a través da Música)	1
<b>TOTAL SESIÓNS</b>	<b>32</b>

### MEDIDAS EDUCATIVAS DE APOIO AO ALUMNADO- curso 2019-20

A proposta de calquera medida de apoio educativo para o alumnado faina o profesorado do seu grupo de 1ºESO, na avaliación inicial, tendo en conta a información do profesorado titor de primaria e dos departamentos de orientación de primaria e secundaria e coa autorización da familia. Neste curso, desenvolvéronse as seguintes medidas educativas de apoio ou reforzo ao alumnado de 1º ESO:

**REFORZO EDUCATIVO:** Medida educativa ofrecida, en horario escolar, nas áreas instrumentais ao alumnado exento de cursar a Segunda Lingua Estranxeira, por dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe que derivan nalgunha das seguintes situacións: promoción de primaria por imperativo legal, repetición de 1º ou 2º curso de ESO ou promoción a 2ºESO con materias instrumentais pendentes.

**PROGRAMA REFÓRZA-T:** Medida educativa gratuíta. Ofértanse en horario de tarde, os martes e xoves, fóra do horario lectivo, sendo o transporte tamén gratuíto.

Estas medidas son solicitadas cada curso escolar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Ao final de cada un dos cursos da ESO entregárase aos pais, nais ou titores legais do alumno/a un **consello orientador** que incluírá un informe sobre o grao do logro dos obxectivos e da adquisición das competencias, así como unha proposta do itinerario máis axeitado a seguir (que poderá incluír a incorporación a un *programa de mellora do aprendizaxe* e o rendemento ou a un *ciclo de formación profesional básica*, se o centro educativo dispón da súa oferta, como medidas educativas ou itinerarios formativos, destinados ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe, a fin de permitirlle poder obter o título de graduado en ESO e/ou acceder a ciclos de FP de grao medio).



### TITULACIÓN QUE SE ACADA AO REMATAR A ESO

Co título de Graduado en ESO poderase acceder a os seguintes estudos:

- **Bacharelato:** Con estes estudos prepararaste para continuar a túa formación en itinerarios formativos superiores: titulacións universitarias de grao, estudos superiores de ensinanzas artísticas, formación profesional de grao superior, oposicións a corpos de seguridade pública,...

- **Ciclos formativos de Formación Profesional de Grao Medio:** pode acceder o alumnado que estea en posesión do Título de ESO, ou posúa o título Profesional Básico. Con estes estudos prepararaste para o desenvolvemento das distintas profesións e obterás un título que che permitirá incorporarte ao Mundo Laboral e continuar formándote. **No noso centro impártese o Ciclo Medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas.**

Quenes nos obteñan o título, recibirán unha certificación emitida polo centro. Este alumnado poderá intentar obter o título a través doutras vías como a Formación Profesional Básica, ou se cumpre requisitos de idade, presentarse á proba para a obtención do título de ESO ou ás ensinanzas de Educación Secundaria para persoas adultas (ESA).

De todo isto irás recibindo información completa máis adiante.

## ... FINALMENTE, UNHAS RECOMENDACIÓN

Os estudos de Educación Obrigatoria non son especialmente difíciles, pero para levar ben o curso, desde o primeiro día das clases, debes acostumarte a:

\* **ADOPTAR HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES:** Sono, alimentación e exercicio, axeitados, poderán axudarte a enfrontarte diariamente ás actividades escolares coa enerxía e forza necesaria.

\* **PLANIFICAR** un horario de descanso, traballo e estudo diario, realista, e cumpriilo con regularidade. Sempre hai algo que estudar ou que facer (deberes, repaso dos temas ou exercicios explicados na clase, levar ao día os cadernos e traballos que teñas que presentar para as distintas materias, ...). Deste xeito levarás ben os teus estudos e terás tempo para descansar coas túas actividades favoritas, evitando que se acumulen no último momento a entrega de traballos e preparación de exames.

\* **PEDIR** toda a axuda que precisas. Fala co teu titor/a ou profesor/a, sempre que creas que che fai falta. O profesorado titor, na hora de titoría axuda na organización e elaboración do horario de estudo e entrega un calendario do trimestre no que anotar datas de finalización de traballos e de realización de exames.

Pouco a pouco con axuda do profesorado e do departamento de orientación, cando o precisas, poderás aprender a superar calquera dificultade e a facer día a día mellor as cousas.

\* **CONSERVAR** sempre os ánimos, aínda que custe vencer aínda que custe vencer algunhas dificultades ao principio, xa que o profesorado valora moito e ten sempre en conta o **esfuerzo e traballo persoal**.

Recorda que o éxito en calquera tarefa importante non se obtén de xeito inmediato, senón que é resultado do propio traballo persoal. Pero verás que avanzar nos estudos pode ser máis doado se traballas un pouco cada día.



Non temos un mago person  
pero si dispós de enerxía,  
forza e vontade, nada estare  
fora das túas posibilidades

**ÁNIMO!**



*Para máis información, non dubides en acudir ao Departamento de Orientación do centro*